

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*RESOLUCIÓN do 10 de outubro de 2023 pola que se concede a mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2022/23.*

Con data do 21 de abril de 2023, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2022/23.

Rematado o prazo para a entrega da documentación necesaria para a tramitación do procedemento establecido no artigo 5 da orde de convocatoria, foron analizadas as solicitudes pola Comisión Avaliadora prevista no artigo 8 da citada orde.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e atendendo á proposta de resolución da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

**RESOLVE:**

Primeiro. Concederlles a mención de máster universitario excelente da Xunta de Galicia ás titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2022/23, que se relacionan no anexo I desta resolución.

Segundo. As universidades responsables dos títulos comprométese a manter os requisitos que deron lugar á obtención da puntuación mínima para acadar a mención de máster universitario excelente da Xunta de Galicia.

Así mesmo, os responsables dos títulos comprométese a incluír as medidas e modificacións necesarias, segundo o procedemento establecido para a modificación de títulos universitarios, derivadas do compromiso de inclusión dun módulo vinculado directamente cunha formación en emprendemento e autoemprego, establecida no artigo 9, epígrafe f).

Terceiro. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as universidades poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Cultura, Edu-



cación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**ANEXO I**

Titulación	Facultade/escola	Universidade
MU en Enxeñaría Química e Bioprocesos	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	Universidade de Santiago de Compostela
MU en Química Orgánica	Facultade de Química Facultade de Ciencias Facultade de Ciencias Químicas	Universidade de Santiago de Compostela Universidade Autónoma de Madrid Universidade Complutense de Madrid
MU en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	Facultade de Ciencias	Universidade da Coruña

